

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abran-guera os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2020** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño do ano 2021 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. Para o caso de que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2021** deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación por Resolución de Presidencia poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada pro Resolución de Presidencia, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA A perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en data de 26 de febreiro de 2021.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O DEPUTADO DELEGADO DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE ENTIDADES
EMPRESARIALES DEL COMERCIO DA PROVINCIA DA
CORUÑA**

Asdo.: José Blas García Piñeiro

Asdo.: Miguel Agromayor Vázquez

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: José Luis Almu Supervía



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número **21/2021**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "CAMPAA OS PEQUENOS CO PEQUENO COMERCIO".

Na Coruña, a 15 de marzo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte Don José Blas García Piñeiro, deputado delegado da Deputación Provincial da Coruña, en virtude de resolución da presidencia número 24475 de 16 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións do presidente en deputados membros da Xunta de Goberno.

Doutra parte Don Miguel Agromayor Vázquez, Presidente da Federación de Entidades Empresariales del Comercio da Provincia da Coruña.

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA

1º Consideran de gran interese para a provincia a realización do evento que "Os pequenos co pequeno comercio" xa que se tratao dunha campaña de sensibilización sobre a importancia do comercio de proximidade na vida dos nosas vilas e cidades, así como a importancia de adquirir produtos fabricados en Galicia coa consecuente creación de empergo.

2º Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA CIF G155031263, para o financiamento do proxecto Programa de "Campaña os pequenos co pequeno comercio".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
Estratexia, realización e produción de campaña de sensibilización sobre as vantaxes e posibilidades do pequeno comercio entre escolares da provincia da Coruña	2.150,00 €
Deseño e maqueteación de pezas promocionais e informativas: Web, Roll ups, carteis, anuncios, cuñas de radio, folletos, cartas informativas	1.950,00 €
Produción e distribución de pezas de campaña: - Impresión de 4.000 carteis para centros escolares e comercios - Impresión de 4.000 unidades de material informativo de campaña - Embalaxes para envío a centros escolares, comercios e Asociacións de Comerciantes. Empaquetado, clasificación e envío a todos os centros escolares e comercio provinciais. - Información e reparto directo a comerciantes na Coruña, Ferrol e Santiago	13.880,00 €
Creación e programación de Web, microriste para xestión do concurso de vídeo e creación de espazos en RRSS.....	4.900,00 €
Organización e seguimento do concurso. Recepción e clasificación de audiovisuais. Redacción de bases, convocatoria de xurados e premiados	1.130,00,€
Organización de acto de entrega de premios (pendente definir si presencial ou virtual a través de streaming segundo condicións sanitarias)	3.000,00 €
Campaña de marketing online en RRSS Community Manager. Insercións publicitarias en FB e Instagram	5.200,00 €
Total.....32.210,00 € 21% IVE.....6.764,10 € TOTAL	38.974,10 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 11.692,23 € € o que representa unha porcentaxe de 30% . No caso de que o gasto xustificádico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 30% % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4142/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA obtén para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificádico.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificádico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA nin con calquera outra na que concurra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicádico, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2020**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora

remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obtéña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificádicos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.